

REUNIÓN DO 26 DE ABRIL DE 2016

A 14ª reunión do Consello Económico do MMO tivo lugar o 26 de abril de 2016, coa participación de expertos das distintas etapas da cadea de subministración de leite: CEJA (Agricultores mozos), COPA-COGECA (Produtores e cooperativas), ECVC (Vía Campesíña), EMB (Consello Europeo do leite), EDA (industria de produtos lácteo), Ecolait (Comercio europeo de produtos lácteos) e Eurocommerce (Comercio polo miúdo). As presentacións da DG AGRI e as informacións compartidas durante a reunión mostraron o seguinte:

- A recollida de leite na UE creceu 7,4% en xaneiro-febreiro de 2016 (= + 1,7 millóns t), parte do cal pode estar relacionado co día a maiores de febreiro 2016 (ano bisesto). Os aumentos foron particularmente fortes en Irlanda, Luxemburgo, Bélxica, Países Baixos en termos de %, e en Alemaña, Países Baixos, Polonia, Irlanda e Bélxica en termos de volume. Estas cifras refírense a recollida de leite, é dicir, leite recollido polas centrais leiteiras e comunicado por estas últimas ás súas autoridades nacionais, con independencia de se o leite ven de produtores localizados no mesmo ou noutro estado membro.
- Os prezos medios do leite ao produtor aproximáronse a 29.3 c / kg en febreiro e espérase unha redución aínda maior para marzo (28,6 c / kg). Os bancos están cada vez máis reticentes en relación aos investimentos en produción leiteira, dada a actual falta de rendibilidade e de perspectivas de mellora a curto prazo.
- As solicitudes de axuda ao almacenamento privado alcanzaron as 60.912 t de manteiga, 18.750 t de leite desnatado en po (LDP) ata o de agora en 2016, e 39.961 t de queixo na segunda volta. En relación ás ofertas de venda de LDP á intervención pública, o teito de 109.000 t para a compra a prezo fixo foi alcanzado o 31 de marzo. Unha licitación tivo lugar para compra polo sistema de licitación o 19 de abril. O prezo máximo de compra foi fixado ó nivel do prezo de intervención e foron adquiridas outras 22.600 t adicionais pola intervención. O 20 de abril, retomáronse as compras a prezo fixo co límite xa duplicado de 218.000 t.
- Os prezos dos produtos lácteos seguen a sufrir unha presión á baixa dado o aumento da oferta. Os prezos do LDP oscilan arredor do nivel do prezo de intervención. No mercado mundial, os prezos expresados en US \$ mostraron tendencias mixtas. A presión descendente para a manteiga non é tan forte como para outros produtos. Os prezos da manteiga en EEUU ata aumentaron recentemente.
- A avaliación dos niveis de stock da UE en base a unha valoración residual (produción + importacións - consumo - exportacións) confirmou importantes

stocks para o LDP, a maioría dos cales atoparon o seu camiño nas existencias públicas. As existencias de manteiga son máis saudables, con solicitudes de almacenamento privado seguindo o patrón estacional. En relación ao queixo, os stocks non mostran unha evolución desproporcionada, xa que as empresas en xeral aumentaron as súas capacidades de secado, mantendo os volumes de leite fóra do mercado de queixo.

- A nivel mundial, a produción de leite aumentou preto de 3,4 % en xaneiro-febreiro de 2016, debido principalmente á UE. O crecemento da produción estadounidense foi maior do esperado en marzo (+ 1,8 %). A previsión do USDA para 2016 é de + 1,5 %. A produción de Nova Zelandia tamén foi maior do esperado en febreiro (+ 2 %), pero é probable que acabe lixeiramente cara a abaixo no total da campaña. A produción en Arxentina foi recentemente afectada por choivas torrenciais. A demanda mundial mostra maior dinamismo, cun impulso especial das importacións chinesas en xaneiro de 2016. As exportacións da UE continúan comportándose particularmente ben en termos de volume, pero a niveis de prezos máis baixos.
- En relación ao consumo interno da UE, informouse de resultados mixtos ao nivel polo miúdo para Francia, Italia, Portugal, España e Reino Unido, aínda que Suecia mostra tendencias máis positivas. Non se facilitaron datos noutras canles de consumo (fóra do uso doméstico e industrial).
- Fíxose unha presentación específica sobre a medida adoptada en 11 de abril que permite acordos voluntarios entre organizacións recoñecidas de produtores, as súas asociacións, organizacións interprofesionais recoñecidas, cooperativas e outras formas de organizacións de produtores para planificar a produción de leite por un período temporal de 6 meses. Esta é a primeira mobilización do artigo 222 do Regulamento da OCM 1308/2013. Esta autorización abrangue o territorio da Unión e se aplica a partir de 13 de abril ata o 12 de outubro. Están previstas notificacións para comprobar a compatibilidade co bo funcionamento do mercado interior e a eficacia das accións conxuntas para a estabilización do mercado do leite.
- En xeral, persiste o sentimento pesimista no mercado. Mentres a evolución da demanda mundial da motivos de esperanza, os prezos do leite ao produtor e os prezos dos produtos lácteos de base continúan a estar baixo presión, debido á deterioración do equilibrio do mercado da UE. Segue a ser necesaria unha mellora na ecuación oferta / demanda.

A Coruña, 26 de abril de 2016

Traducido do inglés por "Terra e Leite"